

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de maio de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de maio de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(503).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 13 de maio de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(504).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DAS ACCIÓNS DE QUE É TITULAR “ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.” NA MERCANTIL “PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A.” A FAVOR DE “ABANCA CORPORACIÓN INDUSTRIAL Y EMPRESARIAL S.L.”. EXPTE. 13797/101.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/05/16, do xefe do Departamento Administrativo da Alcaldía e Responsable do contrato, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura:

**“ANTECEDENTES DE FEITO**

(□) *A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria, S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., coa obriga de constituir unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade que, co nome Pazo de Congressos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.*

(□) *A participación de Caixanova —hoxe Abanca Corporación Bancaria, S.A.— en Pazo de Congressos de Vigo, S.A. era, á data da formalización do contrato de concesión da obra pública, do 20%; non obstante, como consecuencia do propósito de Expacontra, S.A. —accionista en Pazo de Congressos de Vigo, S.A.— de abandonar a súa participación en Pazo de Congressos de Vigo, S.A., a Xunta de Goberno Local, por acordo de 17 de xaneiro de 2011, a solicitude da concesionaria da obra pública, autorizou a redución do capital social desta, mediante a amortización das accións de Expacontra, S.A.; acordo que conlevou a reestruturación do capital social de Pazo de Congressos de Vigo e o incremento da participación de Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria, S.A., ata un 22,2222 %, que é a actual participación desta mercantil na concesionaria da obra pública de referencia.*

(□) *Con data de 11 de febreiro de 2016, a representación de Abanca Corporación Bancaria, S.A. presentou ante esta Administración municipal escrito no que manifesta que «Que, por razóns directamente vinculadas al proceso de reestructuración de su negocio, en virtud de Escritura otorgada el 17 de diciembre de 2015, ante el Notario de A Coruña, Don Francisco Manuel Ordoñez Arman, con el número 3.208 de su protocolo, cuya copia se adjunta como Documento Anejo Nº 2, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ha procedido a realizar una aportación no dinerada a favor de su filial ABANCA CORPORACIÓN INDUSTRIAL Y EMPRESARIAL, S.L, Sociedad Unipersonal, consistente en la totalidad de su participación en distintas sociedades, entre las que se encuentra PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A.»; achega testemuña parcial da escritura de transformación de ABANCA CORPORACIÓN INDUSTRIAL Y EMPRESARIAL, S.L. Sociedad Unipersonal, así como as contas anuais desta última sociedade, correspondentes ao exercizo pechado a 31 de decembro de 2014.*

(□) *Aduce Abanca Corporación Bancaria, S.A. que «de conformidad con el artículo 9 (Transmisión de Acciones) de los Estatutos Sociales de la Sociedad, la transmisión de acciones entre un accionista y sociedades de su mismo grupo empresarial, entendiéndose por estas últimas aquéllas en las que concurren los requisitos del artículo 42 del Código de Comercio, son libres» e manifesta, a fin de deixar expresa constancia delo, que Abanca*

*Corporación Bancaria, S.A. é o único socio de Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L. Sociedad Unipersonal.*

*(□) Non obstante, tal e como se fai constar no mesmo escrito, o apartado c) do artigo 9 dos estatutos sociais de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e na cláusula 20.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, establécese que deberá comunicarse ao Concello de Vigo calquera alteración na titularidade das accións da concesionaria que conleve un aumento ou diminución na participación no capital social de esta igual ou superior ao 1% e que se debera obter autorización do Concello cando a transmisión das accións poida supoñer que o adquirente obteña unha posición que lle permita influir de feito na xestión ou control da Sociedade —circunstancia que non concorre neste caso— e, en todo caso, cando a transmisión afecte a máis dun 10% do capital social da concesionaria; circunstancia esta, que sí se da aquí.*

*(□) Así as cousas, Abanca Corporación Bancaria, S.A. solicita do Concello de Vigo, no devandito escrito, a autorización para a transmisión, a favor de Abanca Corporación Industrial e Empresarial, S.L, Sociedad Unipersonal, da totalidade das accións de que é titular, á data de 7 de decembro de 2015, na mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A.*

*(□) Ao dito escrito as solicitantes achegaron a escritura pública, de 17 de decembro de 2015, autorizada polo notario de A Coruña, Don Francisco Manuel Ordoñez Arman, co número 3.208 do seu protocolo, na que se fai referencia á escritura pública de 26 de xuño de 1987, autorizada polo notario de A Coruña don José Yordi de Carricarte, co número de 1559 de orde do seu protocolo, de constitución e sucesivas modificacións da actual Abanca Corporación Industrial e Empresarial, S.L. Sociedad Unipersonal e se consigna como actual cifra de capital social de Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L. Sociedad Unipersonal, a de 72.056.854,14 euros, Achega tamén as contas anuais de Abanca Corporación Industrial e empresarial, S.L., Sociedad Unipersonal correspondentes ao exercizo pechado a 31 de decembro de 2014.*

*(□) Con data 11 de abril de 2016, requiriuse da solicitante a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica da adquirente, nos termos que lle foron recoñecidos a transmitente no expediente de contratación da concesión da obra pública. Dito requirimento que foi contestado pola representación da causante e da adquirente, a medio de escrito, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29 de abril seguinte, no que se remite á documentación acompañada coa solicitude e achega nova documentación: i) a escritura pública de poder, inscrita no Rexistro Mercantil, acreditativa da representación de don Javier Carral Martínez nas manifestaciones que efectúa a mercantil adquirente; ii) a declaraición de que Abanca corporación Industrial e Empresarial, SLU se atopa en situación de alta e ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coas Administracións Públicas Territoriais e coa Seguridade Social; iii) contas anuais de mesma sociedade a 31 de decembro de 2013 e 31 de decembre; documentos, que xunto aos que obran xa no expediente, relativos ás contas anuais pechadas a 31 de decembre de 2014, acreditan que a cifra de negocios global de Abanca Corporación Industrial e Empresarial, SLU asciende a 35.000.000 €, así como declaración de Abanca Corporación Bancaria, S.A., na súa condición de institución financeira inscrita en el Registro de Entidades Financieras manifiesta, a todos os efectos previstos no PCAP, que Abanca Corporación Industrial e Empresarial, SLU conta cunha situación financeira solvente e, finalmente, no que á solvencia técnica respecta, achégase iv) o compromiso, por parte de a Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN) de prestar a súa colaboración aportando a solvencia técnica e profesional á adquirente na área de actividade de Afundación, que entroutras*

correspondería, en xeral coa manifestada no seu día por Caixanova, no referente á organización de eventos e xestión de espazos multidisciplinares, para a execución do contrato de concesión da obra pública, no que á adquirente das accións poida corresponder en virtude da adquisición da condición de accionista de Pazo de Congressos de Vigo, S.A.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

*Primeira.- En primeiro lugar cumpre sinalar que o contrato que nos ocupa, de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, réxese, canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D.Lex. 2/2000, de 16 de xuño, habida conta a data da súa adxudicación —sesión da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2006— e o disposto na disposición transitoria primeira, apartado 2, do vixente Texto Refundido da Ley de Contratos do sector Público, aprobada por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, segundo a cal «Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas pola normativa anterior».*

*Segunda.- O prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, na súa cláusula 20, apartado 2.(e), dispón que «A titularidade inicial das accións deberá coincidir coa estrutura accionarial da sociedade concesionaria proposta polo adxudicatario na súa oferta» e, no seu apartado 3, que «Unha vez constituída, a sociedade concesionaria deberá comunicar, con carácter previo, ao Concello de Vigo, calquera alteración da titularidade das accións que implique un aumento ou diminución da participación no capital social igual ou superior ao 1 por cen. A transmisión das accións da sociedade concesionaria esixirá autorización do Concello sempre que poda supoñer que o adquirente obteña unha posición que lle permita influir de xeito efectivo na xestión ou control de dita sociedade e, en todo caso, cando a transmisión sexa de máis do 10% do capital social da sociedade concesionaria»; exigencias estas que se recollen tamén no artigo 9.c) dos estatutos da sociedade concesionaria.*

*Así, pois, tras a constitución da sociedade, na que a estrutura accionarial debe coincidir coa proposta na oferta, cabe a transmisión das accións, que non necesitará ser comunicada á Administración concedente se esta non alcanza o 1% do capital social; que deberá ser comunicada ao Concello cando alcance o 10% do capital social e que deberá ser autorizada pola Administración municipal cando sobrepase esta porcentaxe ou poda supoñer que o adquirente obteña unha posición que lle permita influir de xeito efectivo na xestión ou control de dita sociedade.*

*Terceira.- De acordo co exposto, a transmisión de accións que se solicita está necesitada de autorización municipal; autorización que debería haber sido previa á transmisión.*

*A falta doutros criterios no PCAP do contrato e na normativa contractual para a concesión ou denegación de tal autorización, cabe entender que a mesma so pode ser denegada nos casos nos que se poña en perigo o bo fin da concesión, isto é, no caso de que se altere, diminuíndoa, a solvencia da concesionaria para o cumprimento do contrato e para tal pronunciamento cabe acudir, no procedente, ao artigo 114 TRLCAP, e, concretamente, ás esixencias previstas no seu apartado 2.c), isto é a capacidade para contratar coa Administración e solvencia, nos termos esixidos á causante da transmisión; sen que*

*proceda esixir o requisito da execución da quinta parte do contrato, do apartado 2.b), ao non tratarse dunha transmisión total das accións da concesionaria, que é a que, de acordo co dictame do Consello de Estado núm. 3375/2001, podería considerarse como unha verdadeira cesión do contrato necesitada de tal execución.*

*Cuarta.- Da documentación presentada polas solicitantes e da achegada con data 29 de abril de 2016, así como da cláusula décimo terceira do PCAP reitor do contrato, resulta a xuízo deste informante, solvencia económica e técnica suficiente na adquirente nos termos en que esta lle foi recoñecida á Caixanova no expediente de adjudicación do contrato de concesión de obra pública, no que concorríu en unión das mercantis Testa Inmuebles S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., polo que procede autorizar a transmisión de accións efectuada.*

*Quinta.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, a adopción do acordo que se propón (disposición adicional 2ª.3 TRLCSP/2011).*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

*Autorizar e, daquela, confirmar a súa validez, a transmisión xa efectuada por parte de Abanca Corporación Bancaria, S.A., da totalidade das accións de que esta é titular, á data de 7 de decembro de 2015, na mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., a favor de Abanca Corporación Industrial e Empresarial, S.L., Sociedad Unipersonal.*

*SEGUNDO.- Recordar a Abanca Corporación Bancaria, S.A. e a Abanca Corporación Industrial e Empresarial, S.L., Sociedad Unipersonal, que as comunicacións e autorizacións preceptivas das alteracións da titularidade accionarial en Pazo de Congresos de Vigo, S.A. deberán ser previas ao negocio xurídico causante da alteración accionarial necesitada das mesmas”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(505).- BASES REGULADORAS DAS “SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016”. EXPTE. 118073/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/04/16 e o informe de fiscalización do 19/05/16, dáse conta do informe-proposta do 27/04/16, do xefe da área de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*“I. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, pretende convocar un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2016.*

II. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as BASES reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Departamento de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento para o ano 2016, destinando a tal efecto unha cantidade de 50.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.”.

III. O marco xurídico no que se desenvolve este programa de axudas é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

IV. A concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais, abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais, na que se prevé a colaboración municipal no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local (Art. 60.1.c) da L.13/2008), como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V. En consecuencia, visto o que antecede, a orde de inicio do expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e o documento de Bases elaborado, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as BASES reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NA AREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2016», elaboradas polo Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-** Autorizar a tal fin o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 (“Subvencións a asociacións, entidades, etc.”) do vixente orzamento municipal».

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NA AREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2016.*

*BASES REGULADORAS*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*I*

*De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

*É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.*

*II*

*No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.*

*De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

### III

*Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadjuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.*

*A concesión destas subvencións efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas seguintes,*

### BASES

#### *BASE 1ª.- Obxecto*

*É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2016, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.*

#### *BASE 2ª.- Proxectos subvencionables*

*Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:*

#### *A) Familia e Infancia:*

*-Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.*



*-Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.*

*-Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.*

—

*B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:*

*-Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e cuidadores.*

*-Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.*

*-Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política Social.*

*C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:*

*-Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.*

*D) Persoas marxinadas sen fogar:*

*-Proxectos de prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.*

*E) Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):*

*-Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.*

*BASE 3ª.- Inadmisión e desestimación de solicitudes*

*Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases, referidos a entidades ou asociacións solicitantes (por non estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións) e á natureza dos programas, referido a proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).*

*Unha vez estudiados os proxectos presentados e admitidos, desestimaranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:*

- 1. Solicitudes correspondentes a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.*

3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política Social a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.
4. Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e/ou non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.
5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.
6. As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
7. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas con discapacidade e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Departamento.
8. As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas.
9. As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.

#### *BASE 4ª.- Crédito orzamentario.*

*A concesión das subvencións axustarase á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - "Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social".*

*Poderá subvencionarse o 100% do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3.000 € por entidade solicitante.*

#### *BASE 5ª.- Compatibilidade*

*Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006.*

#### *BASE 6ª.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes*

- a) *Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.*

- b) *Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.*
- c) *Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.*
- d) *Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.*
- e) *No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.*
- f) *Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.*
- g) *Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.*
- h) *Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.*
- i) *Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.*
- j) *Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

#### *BASE 7ª.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación*

##### *7.1. Prazo e forma de presentación:*

*As entidades interesadas poderán presentar as súas solicitudes de subvención a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).*

*O prazo de presentación será dun (1) mes, contado dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.*

## 7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no Anexo I destas Bases.

## 7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) *Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).*
- b) *Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:*
  - *Representación da persoa responsable legal da entidade.*
  - *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*
  - *NIF da entidade.*
- c) *Declaración responsable de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ó réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.*
- d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.*
- e) *De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*
- f) *Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.*
- g) *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivos e fins que persigue*
  - *Actividades por realizar*
  - *Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto*
  - *Calendario de actividades*
  - *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.*

*No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.*

## *BASE 8ª.- Gastos do proxecto*

### *8.1. Gastos subvencionables:*

*Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada. Entenderanse como “custos directos” aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:*

- a) Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografía e imprenta.*
- b) Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ó proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.*
- c) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.*

*Considéranse “custos indirectos” os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto. Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.*

### *8.2. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:*

- Os bens e equipamentos inventariables*
- Os xuros debedores das contas bancarias*
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais*
- Os gastos de procedementos xudiciais*
- As amortizacións de bens inventariables*
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, froes, entradas a espectáculos, etc.).*

## *BASE 9ª.- Criterios de valoración*

*A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Política Social para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse*

algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 15 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:

- Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
- Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
- Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a capacidade de execución do proxecto, tendo en conta os recursos humanos e técnicos adicados ó mesmo así como a súa cofinanciación, graduándose do seguinte xeito:

- Proxectos que a entidade poida levar a cabo por sí mesma, independentemente de que se conceda ou non o importe solicitado nesta subvención: 6 puntos.
- Proxectos que a entidade poida levar a cabo co importe da achega propia, o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións publicas ou privadas: 4 puntos.
- Proxectos que a entidade poida levar a cabo co o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións publicas ou privadas, aínda que non exista achega da propia entidade: 2 puntos.
- Proxectos que non poidan ser executados pola entidade solicitante, sen que se lles conceda o 100% da subvención solicitada e aqueles integrados en proxectos autonómicos ou nacionais que aínda cando a entidade dispoña de sede na cidade, utilicen os recursos humanos da entidade a nivel autonómico ou nacional: 0 puntos.

3. Valorarase cun máximo de 5 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:

- A entidade non achega recursos propios ó proxecto: 0 puntos.
- A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
- A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 80% do importe do proxecto: 4 puntos.
- A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 5 puntos.

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 25 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. *Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 10 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: 10 puntos.*
- *Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduza a súa plena execución: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuaciónes que se pretenden levar a cabo: 1 punto.*

2. *Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice fisicamente cos beneficiarios durante todo o ano: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación para un trimestre ou máis: 3 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.*

3. *Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.*

- *Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.*

4. *Poboación beneficiaria: máximo 5 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que os beneficiarios sexan os directos destinatarios do programa: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que nos beneficiarios do programa inclúense destinatarios directos e indirectos: 3 puntos.*
- *Proxecto que poidan levarse a cabo aínda sen a participación directa de destinatarios: 1 punto.*

*Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.*

*BASE 10ª.- Instrucción do procedemento*

*A instrucción do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10)*

días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 71.1 LRX-PAC), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 42 LRX-PAC.

#### *BASE 11ª.- Tramitación e resolución das solicitudes*

*11.1. Os responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.*

*11.2. Rematada a instrucción do procedemento, remitiráselle á Comisión técnica de avaliación.*

*11.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:*

- Concedidas: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.*
- Denegadas: farase constar sempre a causa da denegación.*

*11.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión técnica de avaliación, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do orzamento de Benestar social do Concello.*

*11.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.*

*11.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.*

#### *BASE 12ª.- Comisión de Avaliación*

*A Comisión técnica de avaliación destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política Social e integrada polos Xefes de Área e Servizo de Benestar Social e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.*

#### *BASE 13ª.- Recursos*

*Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.*



#### *BASE 14ª.- Obrigas dos beneficiarios*

*A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:*

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.*
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.*
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como á realización da actividade e ó cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.*
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado nestas Bases.*
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.*
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.*
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto ou programa en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.*

#### *BASE 15ª.- Prazo e forma de xustificación*

*Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.*

*A xustificación das axudas deberase presentar no Rexistro xeral deste Concello, como máximo, ata o 31 de outubro de 2016. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, este prazo poderá ser ampliado excepcionalmente e de forma motivada, sempre de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.*

*En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.*

*A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro xeral e constará de tres partes:*

- 1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise da súa sustentabilidade futura e incluirá:*

- *Certificación da persoa que desempeñe a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.*
- *Memoria de execución, por duplicado, dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.*

*2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizárase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:*

- *Unha relación clasificada de todos os gastos vinculados á subvención.*
- *Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.*
- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- *Declaración responsable sobre os seguintes extremos:*
  - *Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.*
  - *Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.*
  - *Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.*
  - *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
  - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abranca a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.*

*Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e*

*se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ó expediente copia do xustificante orixinal estampillado.*

*Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ó cobro parcial e redución da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores ós subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores ós previstos.*

#### **BASE 16ª.- Seguimento**

*O persoal técnico do Departamento de Benestar social será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.*

#### **BASE 17ª.- Tratamento de datos de carácter persoal**

*Os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes Bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa vixente en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LRX-PAC e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social do Concello de Vigo, perante a que os/as interesados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

#### **BASE 18ª.- Norma final**

*En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

## **4(506).- CONVOCATORIA E EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS "SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN**

## **ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016". EXPTE. 120730/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/04/16 e o informe de fiscalización do 19/05/16, dáse conta do informe-proposta do 27/04/16, do xefe da área de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*I. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, pretende convocar un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2016.*

*II. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as Bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Departamento de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento para o ano 2016, destinando a tal efecto unha cantidade de 50.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 "Subvencións a asociacións, entidades, etc."*

*III. A CONVOCATORIA efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e o marco xurídico no que se desenvolve é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.*

*IV. En aplicación dos principios recollidos na L.19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como "Sistema Nacional de Publicidade das Subvencións" (SNPS) (Arts. 18.1 e 20.8 LXS). Para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír á efectividade dos principios de publicidade e transparencia, a IGAE publicará na súa web, entre outros, os seguintes contidos:*

- As convocatorias de subvencións. En todas as convocatorias suxeitas á LXS, as Admóns. concedentes comunicarán á BDNS o texto da convocatoria e a información requirida pola Base de Datos. A BDNS dará traslado ó diario oficial correspondente do extracto da convocatoria, para a súa publicación, sendo así que a convocatoria dunha subvención sen seguir o procedemento indicado será causa de anulabilidade da convocatoria.*
- As subvencións concedidas. Para a súa publicación, as Admóns. concedentes deberán remitir á BDNS as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ó que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.*

O anterior é de aplicación xa ás subvencións convocadas ou concedidas a partir do 01.01.2016, de conformidade co establecido na Disp. Transit. 10ª da L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

V. Así pois, as Bases reguladoras das subvencións serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local e publicadas ordinariamente (no BOP de Pontevedra), "de acordo co réxime que en cada Admón. teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas" (Art. 52 LRX-PAC). Canto á convocatoria, deberase remitir a información correspondente a esta (como mínimo: texto, texto do extracto e datos estruturados), en idioma castelano, unha vez concluído o proceso de tramitación da convocatoria e inmediatamente antes da súa publicación no diario oficial correspondente.

A BDNS comunicará ó diario oficial a posta á súa disposición do extracto da convocatoria para que sexa recollido a través do servizo web. Unha vez que a BDNS teña constancia da publicación do extracto da mesma no diario oficial correspondente (ou, en todo caso, transcorridas 72h desde que se poña ó seu dispor) a BDNS ofrecerá toda a información referente á convocatoria a través do SNPS.

VI. En consecuencia, visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

*PRIMEIRO.- Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS e na demais normativa aplicable, a CONVOCATORIA e o EXTRACTO DA CONVOCATORIA das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016»; extracto que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases.*

*SEGUNDO.- Remitir á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas ("datos estruturados")».*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL.*

CONVOCATORIA

*Bases reguladoras.*

*As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016.», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ..... do .....*

*Crédito presupuestario.*

*A concesión das subvencións axustarase a dotación anual da aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - "Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social" (50.000€).*

*Obxecto, finalidade e destinatarios.*

*As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios cara a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.*

*Réxime de concesión.*

*A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.*

*Requisitos.*

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.*
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.*
- c) Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.*
- d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.*
- e) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.*
- f) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.*
- g) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.*

- h) Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- i) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- j) Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

*Instrucción e resolución: órganos competentes.*

*O Departamento de Benestar Social será o encargado da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de valoración e a Xunta de Goberno Local, a proposta do instructor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo a aplicación orzamentaria indicada.*

*Presentación de solicitudes e prazo.*

*Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).*

*O prazo de presentación será dun mes (1), contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>*

*Prazo de resolución e notificación.*

*O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.*

*Solicitude e documentación.*

*As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I.*

*Junto con la solicitud se adjuntará la siguiente documentación:*

- a) *Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).*
- b) *Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:*

- Representación da persoa responsable legal da entidade.
  - Que dispon de sede central ou delegación permanente na cidade.
  - NIF da entidade.
- c) Declaración responsable de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ó réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.
- d) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.
- e) De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- f) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.
- g) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:
- Nome do proxecto.
  - Obxectivos e fins que persigue.
  - Actividades a realizar.
  - Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto.
  - Calendario de actividades.
  - Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

#### Recursos.

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

#### Criterios de valoración e distribución das subvencions.

A cantidade prevista (50.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida, para o que levará a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo aos criterios de valoración que se indican, adjudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, ésta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, o incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.



Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 15 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:

- Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
- Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
- Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto..

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a capacidade de execución do proxecto, tendo en conta os recursos humanos e técnicos adicados ó mesmo así como a súa cofinanciación, graduándose do seguinte xeito:

- Proxectos que a entidade poida levar a cabo por sí mesma, independentemente de que se conceda ou non o importe solicitado nesta subvención: 6 puntos.
- Proxectos que a entidade poida levar a cabo co importe da achega propia, o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións públicas ou privadas: 4 puntos.
- Proxectos que a entidade poida levar a cabo co o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións públicas ou privadas, aínda que non exista achega da propia entidade: 2 puntos.
- Proxectos que non poidan ser executados pola entidade solicitante, sen que se lles conceda o 100% da subvención solicitada e aqueles integrados en proxectos autonómicos ou nacionais que aínda cando a entidade dispoña de sede na cidade, utilicen os recursos humanos da entidade a nivel autonómico ou nacional: 0 punto.

3. Valorarase cun máximo de 5 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:

- A entidade non achega recursos propios ó proxecto: 0 puntos.
- A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
- A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
- A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 80% do importe do proxecto: 4 puntos.
- A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 5 puntos.

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 25 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 10 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: 10 puntos.

- *Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduza a súa plena execución: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuacións que se pretenden levar a cabo: 1 punto..*

*2. Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice fisicamente cos beneficiarios durante todo o ano: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación para un trimestre ou máis: 3 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.*

*3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.*

- *Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.*

*4. Poboación beneficiaria: máximo 5 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que os beneficiarios sexan os directos destinatarios do programa: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que nos beneficiarios do programa inclúense destinatarios directos e indirectos: 3 puntos.*
- *Proxecto que poidan levarse a cabo aínda sen a participación directa de destinatarios: 1 punto.*

*Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.*

### **Publicidade.**

*Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase a todas as entidades solicitantes a resolución estimatoria ou desestimatoria.*

*Publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a información relativa as entidades beneficiarias, as axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencions.*

\*

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL.*

---

*De conformidade co previsto nos Arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do Programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS..*

*Beneficiarios.*

*As subvencions diríxense a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.*

*Obxecto e finalidade.*

*Proxectos, programas e actividades presentados por asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se leven a cabo no ámbito territorial da cidade de Vigo, no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:*

- A) Familia e Infancia:*
- B) Personar maiores e persoas con discapacidade:*
- C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:*
- D) Persoas marxinadas e sin fogar:*
- E) Personar toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):*

*Bases reguladoras.*

*Las Bases reguladoras de este Programa, aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo, fueron publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº ..... del .....*

*Crédito orzamentario.*

*A concesión das subvencions axustaránse no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 ("Subvencions a asociacións, entidades, etc. de carácter social"), dotada cun total de 50.000€.*

*Presentación de solicitudes e prazo.*

*As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I das Bases. Os interesados poderán presentarlas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) o por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 de la Lei 30/1992, del 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedimento administrativo común. O prazo de presentación será dun (1) mes, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria.*

**5(507).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “GRAN BIKEADA” O VINDEIRO 29 DE MAIO DE 2016. EXPTE. 14692/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes.

**1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade O Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885), conxuntamente con Social Ciclismo Fan Manager solicitou o día 27-11-2015 a través do Rexistro Municipal (Doc. 150153178), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: GRAN BIKEADA*
- *Data: 29 DE MAIO DE 2016*
- *Horario: 07.00H A 19.30H*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o domingo 29 de maio de 2016, a proba comenará ás 7.30h coa saída neutralizada dende o camiño da Devesa á altura do Centro Deportivo e Cultural de Candeán. Entre ás 8.00h e as 9.00h será a concentración no tramo peatonal de Urzáiz, donde terá lugar a SAIDA OFICIAL CONTROLADA para logo seguir pola rúa Aragón, Jenaro de la Fuente, Gregorio Espino, E. Martinez Garrido, José Espinosa, Avda da do Aeroporto, Cantabria, Pouleira, Poulo, e Senda da Traida de Auga, para logo voltar pola Senda da Traida de Auga, Camiño da Fonte, Fonte das Mozas, Camiño Praixal de Arriba, Areeiro, Pza dos Leóns, Subida a Madroa para rematar no Camiño da Devesa ás 19.30h.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil.*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao*

que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885), a organizar o vindeiro domingo 29 de maio de 2016, a proba deportiva denominada A GRAN BIKEADA; a proba comenará ás 7.30h coa saída neutralizada dende o camiño da Devesa á altura do Centro Deportivo e Cultural de Candeán. Entre ás 8.00h e as 9.00h será a concentración no tramo peatonal de Urzáiz, donde terá lugar a SAIDA OFICIAL CONTROLADA para logo seguir pola rúa Aragón, Jenaro de la Fuente, Gregorio Espino. E. Martinez Garrido, José Espinosa, Avda da do Aeroporto, Cantabria, Pouleira, Poulo, e Senda da Traida de Auga, para logo voltar pola Senda da Traida de Auga, Camiño da Fonte, Fonte das Mozas, Camiño Praixal de Arriba, Areeiro, Pza dos Leóns, Subida a Madroa para rematar no Camiño da Devesa ás 19.30h.”

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(508).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DENDE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTES POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADE DO ANO 2016. EXPTE. 14973/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/04/16 e o informe de fiscalización do 16/05/16, dáse conta do informe-proposta do 11/05/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 10 de marzo de 2016, o Concelleiro de Deportes deu instrución para o inicio da instrumentación do expediente conducente á tramitación dunha subvención a favor da Fundación Vigo en Deporte (Vide) polo desenvolvemento do programa de dinamización do deporte na cidade de Vigo no exercicio 2016.

O Director Deportivo-Xefe da Unidade técnico deportiva, con data 14 de marzo de 2016, tiña subscrito, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, o informe-proposta á Xunta de Goberno Local en relación á “Subvención directa á Fundación Vigo en Deporte” por importe de 125.000,00€ , con cargo á partida 3410.489.00.02 de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución.

Con data 16 de marzo de 2016, o Secretario da Administración Municipal, en exercicio das funcións de asistencia xurídica atribuídas á Secretaría da Admón. Municipal pola Resolución de Alcaldía de data 19 de setembro de 2011, emite informe xurídico de conformidade en relación ó expediente de referencia, facendo constar que corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do Convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto, polo que “deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

Con data 01 de abril de 2016, a Xefa do Servizo de Fiscalización do Concello de Vigo, coa conformidade do Interventor Xeral, emite informe relativo ó expediente de referencia, no que detalla, entre outras, as seguintes consideracións:

- A Fundación VIDE reúne as circunstancias necesarias segundo o indicado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico para ser considerada fundación do sector público, xa que se financia polo Concello de Vigo na porcentaxe de 73,53%.
- A maiores ao tratarse a Fundación VIDE de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria.
- Polo que respecta á comprobación, xustificación e control da apartación municipal, a teor do disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións a exclusión do réxime subvencional é total e afecta en consecuencia tanto ao procedemento de concesión como á comprobación, xustificación control e demais extremos contemplados na Lei Xeral de Subvencións, polo que procede establecer nos termos do artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a realización do control financeiro do funcionamento e actividade da Fundación VIDE mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas ao non dispoñer esta Intervención de persoal suficiente para a realización desta función.
- Polas razóns expostas anteriormente, considérase que a achega que realiza esta Administración Municipal á Fundación VIDE, é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, debendo o Servizo Xestor elaborar a normativa á que se suxeitara a citada transferencia na que se debe recoller a periodicidade dos pagamentos.

Finalmente, con data 04 de maio de 2016, a Xefa do Servizo de Fiscalización do Concello de Vigo, coa conformidade do Interventor Xeral, remite dilixencia relativa ó expediente de referencia, no que detalla, que “debe revisarse o texto da proposta e proceder á eliminación da referencia á acreditación do cumprimento do programa de actividade obxecto da transferencia”, ao entender que a proposta de financiación é unha entrega dineraria sen contrapartida directa por parte da entidade beneficiaria, cuestión corrixida na proposta.

Por todo o exposto, atendendo as consideracións detalladas, procédese á modificación da PROPOSTA PARA A TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE DENDE A CONCELLERIA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADE DO ANO 2016 (EXPTE. 14973/333):

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado

das *Fundacións de Interese Galego*, e da *Lei 30/1994*, de 24 de novembro, de *Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral*.

Na documentación achegada pola *Fundación Vide* consta a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2016, que ascende a un total de 170.000,00€ tal como se detalla:

- Gastos:

<i>Axudas e outros</i>	71.600,00 €
<i>Persoal</i>	33.000,00 €
<i>Gastos de explotación</i>	65.400,00 €
  
- Ingresos:

<i>Transferencia Concello de Vigo</i>	125.00,00 €
<i>Achegas privadas</i>	23.000,00 €
<i>Cuotas usuarios</i>	22.000,00 €

A *Fundación Vide*, desde o ano 2014, tramita os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da *Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais* dependente do *Ministerio de Facenda e Administracións Públicas*, por conformar un ente da *Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007*; da mesma forma, con carácter trimestral desde a *Fundación Vide* se cumprimenta na citada *Oficina Virtual* a información de pagamentos según o establecido na *Lei 3/2004*, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

*VIDE* reúne as circunstancias necesarias, segundo o establecido no artigo 113 da *Lei 16/2010*, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da *Administración Xeral* e do sector público autonómico, para ser considerada fundación do sector público.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de *VIDE* van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da *Cidade de Vigo* e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a *Cidade de Vigo*, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da *Sociedade en xeral*.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de "Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación".

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a *Fundación VIDE*, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a *Lei 27/2013*, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de *Administración Local*, en concordancia co establecido na *Lei 5/2004*, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da *Lei 27/2013*, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da *Administración Local*, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas

competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre", e atendendo a que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano na partida orzamentaria 3410.489.00.02 unha "Aportación ordinaria á Fundación Vide" por importe de 125.000,00€, plantéase a presente transferencia de financiación por dito importe.

A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiación é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2016 dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras aportacións, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiación implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, según o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas



*Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*No que respecta á comprobación, xustificación e control da aportación municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederase mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.*

*A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:*

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.*
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2016.*

*Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1. A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:*

*a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2016 dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.*

*b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola*

Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2016.

e) Obrigas da Fundación Vide:

- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.
- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:
  - Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.
  - Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
  - Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.
  - Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:
    - Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.
    - Memoria de prensa.
    - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

- *Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.*

*f) Obrigas do Concello de Vigo:*

- *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.*
- *Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:*
  - *O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.*
  - *O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2016.*

*g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen perxuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.*

*h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiación.*

*k) A Fundación Vide está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiación, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiación, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.”*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(509).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE “EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAL ADULTAS”. EXPTE. 17747/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/05/16 e o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 11/05/16, do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Mediante Resolución de inicio de expediente de 17 de marzo de 2016, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas”.*

*No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:*

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 15/03/2016.*
- Resolución da Concelleira de Educación de 17/03/16 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Memoria xustificativa de data 06/04/16, redactada polo técnico de Educación.*
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 06/04/16 redactado polo técnico de Educación.*
- Informe de 06/04/16 da xefa do servizo de Contratación, de comprobación da documentación e de constancia da documentación.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 25/04/16 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.*
- Informe da Asesoría xurídica municipal de 26/04/16.*
- Informe-proposta de 27/04/16 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.*
- Dilixencia de 09/05/16 da xefa do Servizo de Contratación, para corrección do PCAP no apartado 3.A da FEC “prezo do contrato” e no apartado 3.C da FEC “valor estimado do contrato”.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 09/05/16 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.*
- Informe da Asesoría xurídica municipal de 09/05/16.*
- Informe-proposta de 09/05/16 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.*

*As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:*

*Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas que o Concello de Vigo programa anualmente, orientado ao logro das denominadas competencias básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático, así como de información sobre o contorno e equipamentos culturais da cidade, mediante unha metodoloxía e proceso instructivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto.*

*Duración: A duración estimada do contrato será de dous cursos lectivos (comprenden 8 meses lectivos por curso académico dende outubro-maio), se ben o primeiro curso académico escomenzará cun mes de retraso non abranguendo o mes de outubro de 2016; existindo a posibilidade de ser prorrogado por outros dous*

*periodos de oito meses de duración máxima para cada curso lectivo e, en todo caso, ata o 31 de maio de 2020.*

*Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 37.550,00 euros.*

*Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.16 “Programa de Alfabetización”.*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.*

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:*

*1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” por procedemento aberto.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 06/04/2016 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 09/05/2016 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 70.406,25.-€ (9.387,50.-€ na anualidade de 2016, 37.550,00.-€ na anualidade de 2017 e 23.468,75.-€ na anualidade de 2018) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.16 “Programa de Alfabetización”.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(510).- CONVOCATORIA, EXTRACTO E BASES REGULADORAS DAS “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO, MEDIANTE O EMPRENDEMENTO, FOMENTANDO O EMPREGO EN ENTORNOS COLABORATIVOS”. EXPTE. 12775/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/04/16 e o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 03/05/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo

concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a concesión, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) entre os traballadores autónomos e microempresas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornos colaborativos ofertados por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.*

*O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprendemento e a consolidación empresariais, veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- ...”*

*A efectos da presente convocatoria, os beneficiarios desta convocatoria son os empregados autónomos a as microempresas que teñen a súa sede social en Vigo e teñen en aluguer espazos en empresas instaladas no termo municipal de Vigo.*

*A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación empresarial mediante o fomento do traballo en entornos colaborativos.*

*En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:*

- 1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos”, correspondentes ao ano 2016 que se achegan no Anexo I.*
- 2. Aprobar, o gasto, por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do exercicio presupostario do ano 2016.*

3. *Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos” en:*
- 1. A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.*
  - 2. As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO**

**BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) entre os traballadores autónomos e microempresas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornos colaborativos ofertados por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.*

*A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais dos emprendedores e das micropemes, en particular:*

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.*
- Fomentar o uso de entornos colaborativos (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)), na cidade, cara a redución de custes, e a eficiencia empresarial.*
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornos colaborativos.*
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e as micropemes, con unha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, no mesmo entorno.*
- Fomentar o traballo empresarial en rede (networking), mediante a comparticipación de espazos físicos con outros empresarios e emprendedores, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.*

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os autónomos e micropemes<sup>1</sup>, que teñan o seu domicilio fiscal en Vigo.

#### BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios os autónomos e micropemes, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Estar en situación de alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
  1. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
  2. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co [Concello de Vigo](#) e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
  3. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
  4. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a
  5. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base oitava desta convocatoria.
  6. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, [para o fomento do emprego](#).

#### BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite o aluguer de espazos de traballo e de espazos para a realización de eventos, para o desenvolvemento das actividades, propias do beneficiario a unha empresa que teña como finalidade o aluguer de locais a empresas e autónomos, en entornos colaborativos, e teñan o seu emprazamento no termo municipal de Vigo.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de xaneiro e setembro ámbolos dous inclusive, que se revelen como obxectivamente necesarios para que os autónomos e as micropemes, poidan cumprir os fins que lle son propios, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- Custes de aluguer de espazos de traballo.
- Custes de aluguer de espazos para a realización de eventos empresariais.

---

<sup>1</sup> Empresa con unha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns

de euros.



*En ningún caso serán subvencionables:*

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais*
- os gastos de procedementos xudiciais*

*En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### **BASE 4ª.- CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

*Cuantía das axudas:*

- *Aluguer de espazos de traballo e para eventos puntuais:*
  - *80% do importe total, con un máximo de 2.000,00 €*

*Crédito orzamentario:*

- *A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.*
- *O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe do aluguer subvencionado.*
- *A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.*

#### **BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS**

*Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).*

*De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria.*

#### **BASE 6ª.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

*Unha vez estudados os proxectos presentados polos solicitantes, desestimaranse as seguintes solicitudes:*

1- Cando non sexa un empresario autónomo ou unha micropeme.

2- Con carácter xeral:

- Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por persoas físicas ou xurídicas que non estean debidamente inscritas na Seguridade Social e no IAE.
- Aqueles solicitudes que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.
- Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor do solicitante para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nesta convocatoria.
- En xeral, as solicitudes daquelas persoas físicas ou xurídicas que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
- Cando a solicitante non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta proporá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s

#### **BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

- 1.Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
- 2.Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- 3.Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades e na páxina web da entidade deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo V aprobado nesta convocatoria e que estará a súa disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo, ata a finalización do ano 2016.
- 4.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
- 5.Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
- 7.Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
- 8.Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
- 9.Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 10.Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

#### BASE 8ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I "Solicitud": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Fotocopia compulsadas do NIF e da alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente .

f) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso do certificado de non ter débedas pendentas coa facenda estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos do solicitante que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron

presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola solicitante, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas, desestímulo que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

#### **BASE 9ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvenciones, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC. As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

#### **BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Número de empregados: Ata 10 puntos.
  - a) 1º Traballador/a 2 puntos
  - b) Por cada traballador/a máis 1 punto.
  
2. Empregados/as menores de 30 anos Ata 10 puntos.
  - a) Por cada traballador/a 2 puntos.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos

existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

**BASE 11ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, terásele por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2.- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiaras das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da

*información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.*

*7- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.*

*8- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.*

*Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.*

*9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.*

*10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.*

*11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.*

#### **BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

*A beneficiaria antes do 01/10/2016 ou no prazo de un (1) mes a contar desde o remate do aluguer, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de*

valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•Memoria na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Nome da empresa.
- Importe do financiamento.
- Por cada un dos/as empregados/as da solicitude:
  - Vida laboral orixinal ou copia autenticada actualizada.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difunda a subvención concedida, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o nome de empresa, o seu enderezo, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

*En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.*

*Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.*

*Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.*

#### **BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

*No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.*

#### **BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

*As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **BASE 15ª.- ABOAMENTO**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.*



*Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

**BASE 16ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

*a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:*

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido*
- A non achega da memoria ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.*
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións*
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento*
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases*
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*

*O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.*

*b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.*

*c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos*

36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

#### **BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **BASE 19ª.- PUBLICIDADE.**

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido ni artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de

solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión do proxecto subvencionado.

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO

### Primeiro. Obxecto.

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) entre os traballadores autónomos e microempresas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornos colaborativos ofertados por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.

### Segundo. Beneficiarios.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os os autónomos e micropemes, que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, e se atopen en situación de alta no IAE ou documento equivalente.

### Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

### Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

### Quinto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

### Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación. O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Oitavo. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Número de empregados: Ata 10 puntos.
  - a) 1º Traballador/a 2 puntos
  - b) Por cada traballador/a máis 1 punto.
2. Empregados/as menores de 30 anos Ata 10 puntos.
  - a) Por cada traballador/a 2 puntos.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

*A non xustificación da subvencións outorgadas no 2015 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.*

*Noveno. Outros datos.*

*As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria antes do 01/10/2016 ou no prazo de un (1) mes a contar desde o remate do aluguer, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*Décimo: Publicación.*

*A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido nin artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo" en:*

*A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.*

*As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión do proxecto subvencionado.*

## **CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO**

*Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de **nn/nn/2016**, polo que se convocan as subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación emresarial a través do traballo colaborativo para o ano 2016.*

*De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):*

*Primeiro. Beneficiarios:*

*Poderán concorrer a esta convocatoria pública os os autónomos e micropemes, que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, e se atopen en situación de alta no IAE ou documento equivalente.*

*Segundo. Obxecto.*

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, de axudas económicas a autónomos e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornos colaborativos (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) entre os traballadores autónomos e microempresas de Vigo, desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2016. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornos colaborativos ofertados por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.

#### Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de [nn/nn/2016](#), e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

#### Cuarto. Contía.

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2016) é de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

#### Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### Sexto. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo.

### **9(511).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 8492/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/16 e o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 12/05/16, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### "ANTECEDENTES:

Primeiro.- mediante Resolución de 26 de outubro de 2015 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación do mantemento, conservación e reposición do parque do Castro.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade do contrato asinado polo enxeñeiro de montes o 26 de outubro de 2015.
- Resolución de inicio de tramitación do expediente asinada polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns o 26 de outubro de 2015.
- Prego de prescricións técnicas asinado o 7 de xaneiro de 2016 polo enxeñeiro de Montes.
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 4 de febreiro de 2016 polo enxeñeiro de montes e o xefe de area de servizos xerais.
- Informe do 8 de febreiro de 2016 da xefa do Servizo de Contratación, sobre cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 18 febreiro de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría xurídica asinado o 22 de febreiro de 2016 pola Titular da Asesoría Xurídica.
- Novo Prego de Prescricións Técnicas asinado polo enxeñeiro de Montes, o 30 de marzo de 2016 rectificativo do que se asinara o 7 de xaneiro de 2016.
- Informe asinado polo enxeñeiro de montes, o día 30 de marzo de 2016, dando conta da corrección efectuada no prego de prescricións técnicas.
- Dilixencia asinada pola xefa do Servizo de Contratación en data 6 de abril de 2016, dando conta da modificación do apartado 17.B das FEC
- Novo Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 6 de abril de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría Xurídica asinado o 12 de abril de 2016 pola Titular da Asesoría Xurídica.
- Informe proposta elaborado polo xefe de servizo de Parques e Xardíns en data 18/04/16
- Dilixencia asinada pola Técnica de Fiscalización e polo Interventor Xeral en data 4 de maio de 2016, propoñendo as modificacións oportunas no prego de cláusulas administrativas pola entrada en vigor da Directiva 2014/24/UE
- Dilixencia asinada pola xefa do Servizo de Contratación asinada o día 05/05/16
- Novo Prego de Condicións administrativas asinado o 06/05/16 pola xefa do servizo de Contratación, con motivo de adaptalo a entrada en vigor da Directiva 2014/24/UE.
- Novo informe da Asesoría Xurídica asinado pola Xefa de Asesoramento e pola Titular de Asesoría o día 06/05/16

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.



A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto de 255.870,78 € euros para o procedemento de contratación do mantemento, conservación e reposición do parque do Castro, desglosado do seguinte xeito:

- Ano 2016: 42.645,13 €
- Ano 2017: 127.935,39 €
- Ano 2018: 85.290,26 €

---

TOTAL

255.870,78 €

O orzamento total imputarase a partida 1710-227.99.01 Mantemento de Xardíns.

2º Aprobar o expediente sometido a recurso especial en materia de contratación, de regulación harmonizada do servizo de mantemento, conservación e reposición do parque do Castro que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 30 de marzo de 2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 6 maio de 2016.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(512).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO DE FORMACIÓN LIFORCON S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE INFANTIL E XUVENIL” EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 7348/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/05/16, dáse conta do informe-proposta do 16/05/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“O centro de formación Liforcon S.L. solicita (número de documento 160042944 rexistrado o día 6/4/2016), a colaboración do Concello de Vigo para o desenvolvemento das prácticas dos alumnos do módulo de formación práctica asociada ao certificado de profesionalidade de dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil (SSCB0209), en centros dependentes do Concello de Vigo; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.

Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.



*Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita entidade asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola entidade asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.*

*A vista do exposto, e unha vez recibidos os informes favorables do asesor xurídico de data 9 de maior de 2016, e da Área de Recursos Humanos de data 13 de maio de 2016, proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:*

*a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, segundo decreto de delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, e D. Jesús Antonio Mata Conde, con DNI.36066556A, en representación do centro de formación LIFORCON, S.L., con CIF B-27792795, para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes no curso de Dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil.*

*b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.*

*c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CENTRO DE FORMACIÓN LIFORCON S.L E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA ASOCIADO AO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TIEMPO LIBRE INFANTIL E XUVENIL (SSCB0209)**

Vigo, x de xxxxxx de 2016

**REÚNENSE:**

*Por unha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado de Parque, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015.*

*Da outra, D. Jesús Antonio Mata Conde (DNI.36066556A), como administrador do centro de formación Liforcon S.L., con CIF B-27792795 e domicilio en Rúa Ignacio Grobas (Aparellador), número 2, baixo A, CP 36205, que actúa en nome e representación da*

*mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra no Tomo: 3910, Libro: 3910, Folio: 135, Hoja: PO- 55669, Inscripción: 1ª*

*Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para ós efectos,*

## **EXPOÑEN**

*Que ambas as partes recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.*

*Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das prácticas dos alumnos do módulo de formación práctica asociada ao certificado de profesionalidade de dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil (SSCB0209).*

## **ACORDAN**

*Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación práctica en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos de Dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil.*

## **CLÁUSULAS**

*Primeira.- O alumnado dos cursos de Dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, esta será polo tanto estritamente académica.*

*As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.*

*Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos de Dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

*Terceira.- Calquera accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un **SEGURO DE ACCIDENTES** e unha **PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL** a favor do alumno/a, contratada polo centro de formación Lifercon, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.*

*Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en*

*caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

*A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.*

*Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.*

*Sexta.- Número de prazas*

*O Concello de Vigo acollerá un máximo de cinco (5) alumnos do centro de formación Liforcon, S.L., en calidade de estada de prácticas.*

*Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.*

*Sétima.- Número de horas e horario*

*Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario do Centro Municipal de Distrito no que se desenvolvan, segundo acorden no seu momento o centro de formación Liforcon, S.L. e o Concello de Vigo.*

*Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:*

*a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.*

*b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.*

*c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.*

*d) Mutuo acordo entre o centro de formación Liforcon, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:*

*d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.*

*d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.*

*O alumno aceptará que en calquera momento se lle poida requirir que abandone definitiva ou temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación ao centro de formación Liforcon, S.L.,*

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2016, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

Polo Concello de Vigo

Por Centro de Formación Liforcon S.L

O concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio,  
Participación Cidadá e Distritos,

O Administrador e representante legal do  
centro de formación,

Ángel Rivas González

Jesús Antonio Mata Conde

**11(513).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 7889/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/16 e o informe de fiscalización do 12/05/16, dáse conta do informe-proposta do 10/05/16, da xefa da unidade de Patrimonio Histórico, conformado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial, pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

Con data 22 de decembro de 2015, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente para a contratación da DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 22 de decembro de 2015 para o inicio do expediente de contratación dos servizos de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo.
- Memoria xustificativa asinada o 29 de decembro de 2015 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación dos servizos de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo.
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos asinado o 1 de febreiro de 2016 polo conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico.
- Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 1 de febreiro de 2016 na que sinala que, revisada a documentación do expediente, éste reúne a documentación esixida pola lexislación vixente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 15 de febreiro de 2016.
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 16/02/2016.

- Con data 15/04/2016, incorpórase dilixencia da xefa de Patrimonio Histórico no que se recollen as modificacións do prego de prescricións técnicas, así como informe do conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico, de data 12/04/2016, no que se xustifican detalladamente os prezos de dita contratación.
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos asinado o 12 de abril de 2016 polo conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico, en substitución do asinado o 1 de febreiro de 2016 .
- Informe sobre xustificación de prezos asinado o 12 de abril de 2016 polo conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 19 de abril de 2016, en substitución do asinado o 15 de febreiro de 2016.
- Con data 22 de abril de 2016, Asesoría Xurídica emite informe sobre que os cambios realizados se axustan a dereito.
- Con data 3 de maio de 2016, a Intervención municipal recolle nunha dilixencia que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, por mor da entrada en vigor da directiva 20014/24.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 6 de maio de 2016, en substitución do asinado o 19 de abril de 2016.
- Con data 6 de maio de 2016, Asesoría Xurídica emite informe sobre que os cambios realizados se axustan a dereito.

## 2.- CONDICIÓNNS DEFINITORIAS DO CONTRATO:

### a.- Obxecto e natureza do contrato:

A) **OBXECTO DO CONTRATO:** a realización das tarefas de conservación, mellora e reposición descritas no prego de prescricións técnicas nas seguintes áreas de interese patrimonial do termo municipal de Vigo:

- Bosque e praderías do “Pombal” do Pazo Quiñones de León.
- Os xacementos arqueolóxicos de O Castro e a Villa Romana De Toralla.
- Áreas de interese patrimonial (muiños Das Roteas, Do Severo, De Zamáns; Mámoa dos Mouros; Petroglifo da Laxe; Finca Solita e Pazo da Raposeira).
- Murallas dos castelos de O Castro e San Sebastián.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.a) e 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente a protección e xestión do patrimonio histórico e o mantemento dos parques e xardíns son competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.a e b e 26.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.d e e, e 81.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación. A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria.

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo anual de 130.000 euros, sendo o importe correspondente o IVE o de 22.561,98 euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2016, en concreto nas partidas 3360.2100001 MANTEMENTO CONXUNTO ETNOGRÁFICO, 3360.2100004 MANTEMENTO XARDÍN HISTÓRICO e 3360.2120001 MANTEMENTO EDIFICACIÓNS E EQUIPAMENTOS dos orzamentos municipais vixentes.

d.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase total preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 100 % a criterios avaliados a través de fórmula.

e.- Criterios avaliados mediante fórmula:

1.- Redución do prezo: se valorará con ata 60 puntos

Para a valoración deste criterio empregaranse as fórmulas recollidas na cláusula 15 do PCAP.

2.- Ampliación do número de frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía A, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT: se valorará con ata 20 puntos

A cláusula 12 do PPT establece un total de 468 anuais (resultado da suma das frecuencias semanais recollidas para o bosque e praderías de Castrelos, e para os

xacementos arqueolóxicos de O Castro e Toralla, e multiplicado polas 52 semanas que conta cada ano). Valorarase unha ampliación destas frecuencias anuais conforme ás fórmulas recollidas na cláusula 15 do PCAP.

3.- Ampliación do número de frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía B, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT: se valorará con ata 10 puntos

A cláusula 12 do PPT establece un total de 260 anuais (resultado da suma das frecuencias semanais recollidas para os muiños das Roteas, do Severo, de Zamáns; mámoa dos Mouros e o petroglifo da Laxe, e multiplicado polas 52 semanas que conta cada ano). Valorarase unha ampliación destas frecuencias anuais conforme ás fórmulas recollidas na cláusula 15 do PCAP.

f.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución é de dous anos, e poderá ser prorrogado por dous anos máis, mediante prórrogas anuais.

g.- Solvencia económica e financeira e técnica: CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCEIRA: grupo O, subgrupo 6, categoría 1

h.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato: Non se fixan.

i.- Modificación do contrato: Non se contempla.

j.- Responsable do Contrato: A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

k.- Seguro: Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.

3.- PROPOSTA:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

1º.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre o MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO, asinado polo Conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico con data 12 de abril de 2016.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 6 de maio de 2016.

4º.- Autorizar o gasto:

A) Presuposto total: 260.000 € .

B) IVE a soportar pola Administración: 45.123,97 euros.

C) Valor estimado do contrato: 429.752,06 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2016: 65.000 euros

Ano 2017: 130.000 euros

Ano 2018: 65.000 euros.

Aplicación orzamentaria: 3360.2100001 MANTEMENTO CONXUNTO ETNOGRÁFICO, 3360.2100004 MANTEMENTO XARDÍN HISTÓRICO e 3360.2120001 MANTEMENTO EDIFICACIÓNS E EQUIPAMENTOS dos orzamentos municipais vixentes.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(514).- ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓNS DE FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE DO PERÍODO ENTRE MARZO 2011 E MARZO 2016, DE D. EDUARDO MÉNDEZ VÁZQUEZ. EXPTE: 28068/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 05/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*"En data 10/02/2015 D Eduardo Mendez Vazquez (documento 150016576) solicita a súa incorporacion ao posto de traballo que estaba a desempeñar ata a súa designacion como representante sindical asi como que se proceda a o aboamento das cantidades no aboadas en concepto de festividade e nocturnidade correspondentes ao periodo marzo 2011-décembro 2014 no que estivo LIBERADO SINDICAL, remitindose dita solicitude a Xefatura da Policia Local para a súa tramitacion .*

*En data 21/04/2015 o oficial de Recursos da Policia Local informa a Xefatura da Policia Local que o funcionario estaba a prestar servizo na oficina de atestados, desenvolvendo as suas tarefas a tres turnos (mañan, tarde e noite). Segundo consta no seu expediente persoal na Policia Local, en marzo de 2010 solicita cambio de posto para o cuidado de fillo menor de oito anos, solicitando a súa adscripcion a oficina adminsitrativa da Policia Local,*



sendo rexeitada dita petición.

No mes de abril de 2011 comunicase a este servizo que pasa a ser representante sindical liberado polo SICO. Posteriormente a dita designación foi destinado a oficina de Xestión de Multas, sendo informado verbalmente pola Xefatura da Policía Local, según consta no informe citado.

A protección contra o prexuízo de todo orde (incluído o económico) que poida recaer sobre os representantes sindicais vén esixido polo Convenio núm. 135 da Organización Internacional do Traballo (OIT), relativo á protección e facilidades dos representantes dos traballadores, ratificado por España. O citado Convenio establece no seu art. 1 que os representantes sindicais “deberán gozar de protección eficaz contra todo acto que poida prexudicalos... por razón da súa condición de representantes, e das súas actividades como tales”. Pola súa banda, a Recomendación núm. 143 da OIT sobre a protección e facilidades dos representantes dos traballadores, que, a pesar da súa falta de valor normativo, ten proxección interpretativa e aclaratoria do Convenio núm. 135, establecendo que os representantes sindicais teñen que dispoñer do tempo necesario para o desenvolvemento da súa función “sen perda de salario” (IV, 10.1 e 11.2; STC 92/2005, de 18 de abril, FJ 3)

Deste xeito, un liberado da prestación de servizos para realizar funcións sindicais sofre un prexuízo económico si percibe unha menor retribución que cando prestaba efectivamente o seu traballo, o que constitúe un obstáculo obxectivamente constatable para a efectividade do dereito de liberdade sindical, polo seu potencial efecto disuasorio para a decisión de realizar funcións sindicais. Obstáculo que repercute non só no representante sindical que soporta o menoscabo económico, senón que pode proxectarse así mesmo sobre a organización sindical correspondente, afectando ás tarefas de defensa e promoción dos intereses dos traballadores que a Constitución encomenda aos sindicatos (art. 7 CE), que son os representantes institucionais daqueles (SSTC 191/1998, de 29 de setembro, FJ 4; 30/2000, de 31 de xaneiro FJ 4; 173/2001, de 26 de xullo, FJ 5; e 92/2005, de 18 de abril, FJ 3).

A doutrina dos tribunais sobre este asunto, sentada fundamentalmente polas SSTCO 173/2001 de 26 de xullo, en relación co complemento por xornada partida, 30/2000 de 31 de xaneiro referente a gratificación por turno rotatorio e 191/1998 de 29 de setembro sobre o aboamento de pluses de pelrifrsidade, penosidade e toxicidade, deslexítima calquier minoración retributiva dos liberados sindicais

En consecuencia, tendo en conta o dereito dos representantes sindicais a percibir as mesmas retribucións que percibiría de estar a realizar os traballos propios do posto ao que esta adscrito, excepto aquelas retribucións que obedecen a unha contraprestación concreta (exceso de xornada), excluíndose así mesmo, os períodos de vacacións, permisos e baixas por I.T. nos cales o traballador non percibiría os conceptos de recargo por festividade e nocturnidade, ao estar en función dos días realmente traballados, en data 15/04/2016 informase por parte do Servizo da Policía Local das cantidades que debe percibir en concepto de recargo de festividade e nocturnidade no período comprendido entre marzo de 2011 a marzo 2016.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.

No informe de data 15/04/2016 indicase do total de horas nocturnas (2602.50) e festivas (104.00) as que correspondería aboar os recargos citados. En consecuencia corresponderíalle o aboamento da cantidade de 7501.19 € segundo os calculos realizados polo Servizo da Policía Local.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna a D Eduardo Mendez Vazquez , funcionario deste Concello con posto e praza de Policía Local e N.P. 79357 a cantidade de 7501.19 € correspondente ao periodo comprendido entre marzo 2011-marzo 2016, segundo informe do servizo da Policía Local de data 15/04/2016, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNNS.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(515).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEX. 05/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 27860/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 19/05/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*I. Mediante escrito do xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns de data 21/03/2016, solicítase que se proceda ao nomeamento interino dun/unha Auxiliar Administrativo/a, ante o bloqueo que sofren as tarefas administrativas do servizo debido ao infradimensionamento do persoal necesario para o normal desenvolvemento do traballo no mesmo.*

*II. En atención a dito escrito, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ordenou en data 23/03/2016 que pola Área de Recursos Humanos e Formación se inicie o expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino de un/unha Auxiliar Administrativo/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

III. En cumprimento do ordenado, con data 03/05//2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV. Con data 06/05/2016 a técnica de administración xeral, co conforme da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do concelleiro delegado de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica, formula proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, co seguinte tenor literal:

*“PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento dun/ha auxiliar administrativo/a funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, contida no escrito do xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns de data 21/03/2016, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 10.855,14€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.*

*SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 03/05/2016, a dona RAQUEL PORTELA TEJERO, con DNI 36.094.388-M, na súa condición de seguinte aspirante na lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2015, xa que superou todos os exercicios do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.*

*TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 140, Auxiliar Administrativo/a, adscrita ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (cód. 446), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

*QUINTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

*V. O preceptivo informe favorable de fiscalización previa foi asinado polo técnico de Intervención en data 12/05/2016 e polo Interventor Xeral en data 13/05/2016, de conformidade ao expediente 27860-220, debendo limitarse o recurso ao nomeamento de persoal funcionario de carácter interino amparado na condición de servizo esencial.*

*Detectado un erro no código retributivo asignado ao posto de auxiliar administrativo (140), sendo o correcto o 138, cómpre a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, en virtude do cal as Administraciones públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, corrixíndose as referencias ao mesmo nos fundamentos de dereito e na parte dispositiva da proposta, co seguinte tenor literal:*

*"En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:*

*Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao*

seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (Cód. 138, Auxiliar Administrativo/a, adscritas ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (cód. 446), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns de data 21/03/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/03/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos

*para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220) a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo de Parques e Xardíns como prioritario no Concello de Vigo, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.b) e de servizo obrigatorio recollidos no artigo 26, da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.*

### *III. Proposta de gasto:*

*Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, supón un gasto de 10.855,14€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.484,50€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.*

*O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.*

### *IV. Verificación das listas de reserva:*

*Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados putualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.*

*Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 03/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa*

*praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior.*

*Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, xa que o resto dos/das aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do TREBEP, polo que procede recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.*

*De acordo co anterior e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 03/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran nesta Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas da aspirante que figura na posición núm. 21-PORTELA TEJERO, RAQUEL, DNI 36.094.388-M, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

#### *V. Competencia:*

*De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### *PROPOSTA DE ACORDO:*

*PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento dun/ha auxiliar administrativo/a funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, contida no escrito do xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns de data 21/03/2016, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 10.855,14€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.*

*SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 03/05/2016, a dona RAQUEL PORTELA TEJERO, con DNI 36.094.388-M, na súa condición de seguinte aspirante na lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2015, xa que superou todos os exercicios do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.*

*TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138, Auxiliar Administrativo/a, adscrita ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (cód. 446), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

*QUINTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(516).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2016. EXPTE: 28016/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 09/05/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Antecedentes.-*

*Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de condutor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.*



*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*O director do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 5 de abril de 2016, solicita se lles abone un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrución 3ª sobre o cadro de persoal e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 22/04/16, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o 1º trimestre-2016.*

*Fundamentos de dereito:*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.*

*A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións*

*económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,75 € hora normal e de 7,37 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:*

*a)D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.935,22 €.*

*b)D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.117,33 €.*

*O importe deste expediente ascende a un total de 4.052,55 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 1º trimestre do pasado ano 2016, de conformidade coa proposta do director do Gabinete da Alcaldía, de data 5 de abril de 2016:*

*a) D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.935,22 €.*

b) D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.117,33 €.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(517).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PROPOSTA DA ÁREA DE RR.HH. E FORMACIÓN DE DATA 22/04/2016 E, CONSECUENTEMENTE, NO ACORDO DA XGL DE DATA 06/05/2016 NO EXPTE. NÚM: 27857-220. EXPTE: 28132/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 13/05/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno Local ordinaria de data 6 de maio de 2016, foron nomeados/as 4 Auxiliares Admón Xeral, interinos/as por execución de programa temporal (de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 31 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) D. JOSÉ MANUEL COUÑAGO GONZÁLEZ, con DNI 77.001.336-G, D. RUBEN CARRERA PÉREZ, con DNI 36.174.579-H, D<sup>a</sup> NOA PÉREZ LORENZO, con DNI 36.137.641-H e D. JOSÉ LUIS IZQUIERDO MARTÍN, con DNI 32.633.254-A e, 4 Auxiliares Admón Xeral interinos/as por acumulación de tarefas (de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), a D<sup>a</sup> MARÍA CATALINA LOSADA ARCA, con DNI 36.087.828-T, D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RUBAL FRANCO, con DNI 76.417.379-V, D<sup>a</sup> MARÍA TERESA FERNÁNDEZ LÓPEZ, con DNI 36.089.312-N e D<sup>a</sup> BEATRIZ UGARTE ALONSO, con DNI 33.439.629-K, propostos/as polo órgano de selección, unha vez acreditados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, tomando posesión con data 09 de maio de 2016.*

*Detectado erro no nome da empregada municipal, dado que no Informe-Proposta nomease como funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un período máximo de seis meses, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, a Dna María Teresa Fernández López, DNI 36.089.312-N, cando o nome correcto é Dna Teresa María Fernández López, polo que procede rectifica-lo mesmo.*

*Segundo establece o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos.*

*En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*“ÚNICO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado na proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data de 22/04/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/05/2016 (Expte. 27857/220) de nomeamento de Dna María Teresa Fernández López, debendo figurar donde di “Dna. María Teresa Fernández López” o seguinte texto “Dna. Teresa María Fernández López”, mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(518).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)- ABRIL 2016. EXPTE: 28118/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/16, dáse conta do informe-proposta do 12/05/16, da xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 07/04/2016, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 7.685,00 € :*

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
ALONSO IGLESIAS MANUEL	36036055-T	23047	1.100,00€
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36033947-P	15071	2.563,00 €
FERNANDEZ ALONSO, JOSE ANGEL	36037789-D	12055	632,00 €
FERNANDEZ CABALEIRO, JOSE LUIS	35554411-E	18508	537,00 €
MAGDALENO SOTO Mª LUISA	36097236-R	23461	203,00 €
RIOBO VEIGA, LUIS	78736786-N	80677	480,00 €
RODRIGUEZ REY, ENRIQUE	36000962-M	8332	2.070,00 €
RODRIGUEZ SANCHEZ, JOSE	34265698-E	79105	100,00 €
TOTAL			7.685,00 €

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

*6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

*7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

*8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

*VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 07/04/2016, por un importe total de 7.685,00,00 € (SETE MIL SEISCENTOS OITENTA E CINCO EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
ALONSO IGLESIAS MANUEL	36036055-T	23047	1.100,00€
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36033947-P	15071	2.563,00 €
FERNANDEZ ALONSO, JOSE ANGEL	36037789-D	12055	632,00 €
FERNANDEZ CABALEIRO, JOSE LUIS	35554411-E	18508	537,00 €
MAGDALENO SOTO Mª LUISA	36097236-R	23461	203,00 €
RIOBO VEIGA, LUIS	78736786-N	80677	480,00 €
RODRIGUEZ REY, ENRIQUE	36000962-M	8332	2.070,00 €
RODRIGUEZ SANCHEZ, JOSE	34265698-E	79105	100,00 €
TOTAL			7.685,00 €

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(519).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

**A) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DA FUNCIONARIA DE CARREIRA DNA. M. CARMEN COTILLA IGLESIAS. EXPTE. 27876/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/05/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación:

*“En relación co informe da Intervención Xeral de data 06/05/2016 no que se fiscaliza de conformidade a proposta contida no expediente 27876-220 tramitado polo Servizo de Recursos Humanos, se ben se entende que con anterioridade a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e para a aprobación conxunta coa proposta informada, deberá incluírse no expediente os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue, de ser o caso, á funcionaria á que se lle encomendan funcións, por así esixilo as vixentes IPRPT e que no suposto de que a Xunta de Goberno autorizase a presente proposta, deberá remitirse a este servizo o expediente ao obxecto da contabilización do correspondente Rc, que preserve o crédito necesario para atender a obrigaón económica ata fin de ano, informase:*

*En data 05/04/2016 remítese a Intervención xeral o expediente 27876-220 solicitándose que*

por parte da Intervención Xeral se realice Reserva de Crédito na partida 920.0.1500000 por importe de 4.634,46 €, cantidade máxima a aboar, calculada en funcións da retribución actual do posto "Xefe de negociado" (Importe mensual CD 514,94 €) no período abril-décembro 2016.

Dito expediente trae orixe na instrución de servizo do Concelleiro de Xestión Municipal e Persoal de data 30/3/2016, na que, a vista das solicitudes asinadas polo concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de datas 17/11/2015 e 18/12/2015, relativa a necesidade de realización de encomenda das actividades de xestión administrativa de carácter operativo, derivadas do funcionamento do servizo de Comercio administrativa, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, ordea a Área de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto de Xefe/a de negociado a citada funcionaria, retribuíndolles conforme as instrucións de plantilla vigentes.

Dita encomenda basease no disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

A encomenda ten carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016.

A competencia para resolver a citada encomenda corresponde ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excm. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015).

Por outra banda, os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue corresponderíase con recollidos nas vigentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vigente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo.

Nas mesmas, a Instrución terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estes efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área.

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

*En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.*

*A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.*

*O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”*

*En consecuencia, e toda vez que se acredita nas solicitudes asinadas polo concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de datas 17/11/2015 e 18/12/2015, a necesidade de realización de encomenda das actividades de xestión administrativa de carácter operativo, derivadas do funcionamento do servizo de Comercio e dado que ditas funcións correspondense coas definidas para o posto de xefatura de negociado, os criterios obxectivos de asignación de complemento de produtividade serán os esixibles para o aboamento deste complemento polo desempeño de posto de categoría superior, tal e como se recolle nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, concretadas na existencia de informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas pola funcionaria no período considerado, así como o grado de satisfacción no desempeño das mesmas, cálculo do importe segundo os días efectivamente traballados segundo o sistema de control de presenza.*

*Polo tanto, e considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, PROPONSE:*

*“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente a funcionaria Dña. M Carmen Cotilla Iglesias con n de persoal 80211, as funcións de xestión administrativa de carácter operativo, derivadas do funcionamento do servizo de Comercio, correspondentes co posto de Xefatura de negociado, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016., devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de*



*Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento, grado de satisfaccion no desempeño das mesmas e acompañarase de listado de control de presenza. O exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable*

*Terceiro.- Da presente resolución, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 11/05/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**B) EXECUCIÓN DE SENTENZA DE DATA 29/03/2016, DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO NO P.O. 865/2015, INTERPOSTO POR D. EMILIO AIRA PEREIRO. EXPTE. 28133/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 09/05/16, da técnica medio de Relacións Laborais, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación:

ANTECEDENTES

1.- *Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a esta Área de Recursos Humanos e Formación sentenza de 29 de marzo de 2016, do Xulgado do Social nº 5 , no procedemento ordinario 865/2015, interposto por D. Emilio Aira Pereiro en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.*

2.- *Na indicada sentenza fallase literalmente:*

*“Estimar la demanda interpuesta por D. Emilio Aira Pereiro contra el Concello de Vigo, condenando al ente municipal demandado a abonar al actor la suma de cuatro mil ochocientos ocho euros con diez céntimo (4.808,10 €) en concepto de incentivo por jubilación anticipada.”*

3.- *Pola concellería-delegada de Facenda tómase coñecemento da anterior resolución xudicial e resolve que se execute nos seus propios termos e no prazo legalmente establecido, segundo proposta do Letrado da Asesoría Xurídica de data 12/04/2016*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

*1. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación*

de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1).

IV. Efectuado RC Nº 50285 pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 4.808,10 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza de data 29 de marzo de 2016, dictada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo no procedimientu ordinario 865/2015, interposto por D. Emilio Aira Pereiro, DNI 35.999.616-Q, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 4.086,89 € (4.808,10 € principal, menos a retención de IRPF 15% 721,21 €) con cargo ao RC 50285 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do Xugado do Social Nº 5: IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, concepto: 36300 000 65 086515.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse a Área de Recursos Humanos e Formación a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Social nº 5 de Vigo, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 12/05/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**C) REASIGNACIÓN POR ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DO EMPREGADO MUNICIPAL D. JOSÉ FRANCISCO PÉREZ RODRÍGUEZ, Á OFICINA ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 27942/220.**

Dáse conta da Resolución do 12/05/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“Visto o informe emitido pola Técnica de RRLL co conforme da Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 09/05/2016, e en cumprimento do informe de vixilancia da saúde sobre adaptación de posto do empregado municipal D. José Francisco Pérez Rodríguez;*

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54, así como a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 25.1; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:*

*“Primeiro.- Acordar dispoñer a adaptación de posto de traballo ó empregado municipal D. José Francisco Pérez Rodríguez, con nº de persoal 76567, oficial xardineiro, que desenvolverá as funcións propias de auxiliar de servizos internos na Oficina Administrativa do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, funcións para as que resulta apto, segundo informe de vixilancia da saúde de data 03/03/2016.*

*Segundo.- Dispoñer que se proceda á preceptiva fiscalización previa daquelas transferencias de créditos e/ou modificacións e imputación orzamentaria e contable de retribucións susceptibles de derivarse do presente acto no marco da fiscalización mensual de nómina que se efectúe pola Intervención Xeral Municipal, nos termos do establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

*Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Concelleiro-Delegado da Área de Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, Servizo de Montes, Parques e Xardíns, Área de de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización e inspección de persoal) é Técnicas de Prevención de Riscos aos efectos que procedan.”*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**D) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JESÚS LÓPEZ MOURE, CON DATA DE EFECTOS DE 24/05/2016. EXPTE. 28093/220.**

Dáse conta do informe-proposta 09/05/16, da técnico medio de Relacións Laborais, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación:

#### *“ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes na Área de Recursos Humanos e Formación en relación a D. Jesús López Moure, con DNI 33.205.624-H, resultan os datos seguintes:*

*Vínculo xurídico: funcionario de carreira.*

*Nº de persoal: 13304*

*Data de nacemento: 24/05/1951.*

*Praza: Ordenanza Porteiro, Agrupación profesional (Grupo E).*

*Posto de traballo: Ordenanza Porteiro, código 155, adscrito ó Servizo Instituto Municipal de Educación (322)*

*Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 10, tendo a data de xubilación 40 anos, 3 meses e 11 días de cotización, segundo o informe de vida laboral aportado polo interesado.*

*2.- Verificados os datos aportados polo Sr. Lopez Moure, así como a declaración xurada, que se incorpora ao presente expediente, na que manifesta a súa conformidade cos datos contidos no informe da súa vida laboral facilitada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social así como no “informe de simulación de xubilación” do Instituto Nacional da Seguridade Social, dos que se deduce o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 24/05/2016.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, en concordancia co establecido no art. 204 e seguintes do Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 261 de 31/10/2015), constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.*

*II.- Asímesmo, o Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece na súa disposición transitoria sétima a aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, fixando a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.*

*III.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal*

*funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).*

*IV.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira, D. Jesús López Moure, con DNI 33.205.624-H, con nº de persoal 13304, na praza de ordenanza-porteiro, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 24/05/2016.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 12/05/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**E) RENUNCIA PRESENTADA POR DNA. ANGELA JUSTO RODRÍGUEZ AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 28141/220.**

Dáse conta do 20/05/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e Formación:

*“Con data 13 de maio de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D<sup>a</sup>. Ángela Justo Rodríguez (doc. 160061973), a través da cal renuncia con efectos do 17 de maio de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como Diplomada en Traballo Social.*

*A interesada foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas con data 16/03/2016 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2016, como Diplomada en Traballo Social.*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola*

renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 13 de maio de 2016 por D<sup>a</sup>. Ángela Justo Rodríguez, con DNI 47.361.447-P, nº de persoal 83405, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como Diplomada en Traballo Social, con efectos do día 17 de maio de 2016, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefe da Área de Benestar Social, Xefa do Servizo de Benestar Social, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 23/05/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**F) RENUNCIA PRESENTADA POR ANGEL ABALDE COSTA DO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO VIXIANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, CON EFECTOS DO 23/05/2016. EXPTE. 28176/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

“Con data 23 de maio de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D. Ángel Abalde Costa (doc. 160065478), a través da cal renuncia con efectos do 23 de maio de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como Vixilante de Instalacións Municipais.

O interesado foi nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas con data 01/12/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro de 2015, como Vixilante de Instalacións Municipais.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

*Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, propónse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 23 de maio de 2016 por D. Ángel Abalde Costa, con DNI 36.057.096-L, nº de persoal 82522, nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas como Vixilante de Instalacións Municipais, con efectos do día 23 de maio de 2016, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese ao interesado, Xefa de Educación, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 24/05/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **G) REASIGNACIÓN DE VARIOS EMPREGADOS MUNICIPAIS. EXPTE. 28158/220.**

Dáse conta da resolución do 23/05/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 20/05/2016 comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de realizar a readscrición de diversas prazas e postos á Área de Fomento así como á Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable.*

*Visto o informe favorable da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación de data 23/05/2016; e considerando as necesidades de reasignación de efectivos nas diferentes áreas e servizos do Concello de Vigo, que resulta especialmente urxente na Área de Fomento así como na de Medio Ambiente e Vida Saúdable;*

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excmo. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril,*

*Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente*

**RESOLVO:**

*“Primeiro.- Reasignar a funcionaria de carreira D<sup>a</sup> Angela Fernández López, con nº de persoal 82174, técnica de administración xeral, do Servizo Inspección de Tributos, cód. 502 (código retributivo 46), ao Servizo de Contratación, (código de servizo 242).*

*Segundo.- Reasignar ao funcionario de carreira D. Eugenio Costas Riveiro, con nº de persoal 10889, técnico medio de laboratorio, do Servizo de Laboratorio Municipal, cod. 313 (cód. retributivo 86), ao Servizo de Limpeza (codigo de servizo 257).*

*Terceiro.- Reasignar ao empregado municipal en réxime laboral D. José Luis Amoedo Moreira, con nº de persoal 22467, de xefe de equipo, adscrito á Unidade de Mantemento Municipal cod. 450 (cod. retributivo 184), ao Servizo de Vías e Obras (cód. servizo 440).*

*Cuarto.- Reasignar á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Bernádez Fernández, con nº de persoal 21485, con con praza de Analista de Laboratorio e posto de Directora do Laboratorio Municipal, (cod. retributivo 25), adscrita ao Laboratorio Municipal cod. 313, ao Servizo de Medio Ambiente (Cod. 215).*

*Quinto.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de prazas e postos efectuada, autorízase a transferencia de crédito dos postos indicados nos apartados primeiro a cuarto da presente resolución, debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).*

*Sexto.- Dispoñer que se proceda á preceptiva fiscalización previa daquelas transferencias de créditos e/ou modificacións e imputación orzamentaria e contable de retribucións susceptibles de derivarse do presente acto no marco da fiscalización mensual de nómina que se efectúe pola Intervención Xeral Municipal, nos termos do establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

*Sétimo.- Da presente resolución dese traslado aos interesados, xefaturas e concellerías correspondentes, Área de Recursos Humanos e Formación (Negociado de Seguridade Social-Planificación e Organización-Inspector Auxiliar de Persoal), Intervención Xeral Municipal e, Comité de Persoal, aos efectos que procedan.*

*Oitava.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**18(520).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA. EXPTE. 3208/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de área.

I.- Antecedentes.



1.- A Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015 acordou aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA subscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo cun orzamento de incluído o IVE de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS - 5.234.256,94 €.-

2.- A Xunta de Goberno Local en data 10/12/2015 acordou: "Adxudicar a SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos (expediente 3392-440), por un prezo de 4.643.980 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 805.980 euros.

En data 14 de decembro de 2015 formalizase o contrato das obras de "Reforma de cuberta e grada de tribuna do Estado de Balaídos. Fase II" entre o Concello de Vigo e S.A de Obras y Servicios Copasa.

3.- A Xunta de Goberno Local en data 17 de decembro de 2015, acorda nomear dirección facultativa da obra a o Arquitecto D. PEDRO DE LA PUENTE CRESPO e O Técnico Municipal, Enxeñeiro de Edificación AURELIO ADAN FERNÁNDEZ.

4º.- Con data 24 de maio de 2016 a Dirección facultativa da obra, con conforme do Responsable do contrato solicita ao órgano de contratación:

"Autorización de inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo cun orzamento de incluído o IVE de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS - 5.234.256,94 €, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA"

#### Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A Xustificación é a necesidade da modificación do proxecto xustifícase pola Dirección facultativa da obra básicamente en: "as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta, resúmense na modificación das unidades de obra vinculadas a os apoios e reforzos da estrutura de pórticos de formigón existentes, así como a necesidade dun novo dimensionado de muro de reforzo, e cambio de ubicación no muro en planta inferior previsto inicialmente, polo cal será necesario introducir novas unidades de obra que se corresponden coas que realmente se teñen que executar, e por outro lado, procedese a eliminación das unidades de obra que non se van a a executar"

II.- O Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de agosto de 2016 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

O informe da dirección da obra indica que "as citadas modificacións suscitadas, están recollidas como posibles no Prego de Cláusulas Administrativas da obra, aprobado pola XGL en sesión do 07/08/2015 e posterior corrección aprobado en XGL en sesión de data 16/10/15.

III.- O artigo 234 do TRLCSP regula a tramitación das modificacións no caso dos contratos de obras. No seu apartado 3 establece que "cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización

para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b.- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.
- c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

IV.- Competencia.- Constando por tanto petición da Dirección facultativa ao órgano do contratación como indica o artigo 234.3 do TRLCS, procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA suscrito polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA.

O proxecto modificado non suporá alteración do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación por un prezo de 4.643.980 euros (IVE engadido), tal e como se indica no informe da Dirección facultativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(521).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.